

Artigos referidos á paz na Carta Mundial das Mulleres para a Humanidade
(aprobada o 10 de decembro do 2004 en Kigali, Ruanda,
durante o 5º Encontro internacional da Marcha Mundial das Mulleres)

1. Todos os seres humanos vivem nun mundo de paz. A paz resulta en particular da igualdade entre os sexos, da igualdade social, económica, política, xurídica e cultural, do respecto aos dereitos, da erradicación da pobreza que asegure a todas e todos unha vida digna, exenta de violencia, onde cada persoa ten un traballo e recursos suficientes para alimentarse, ter vivenda, vestirse, instruírse, estar protexida na velez e ter acceso aos coidados necesarios.
2. A tolerancia, o diálogo, o respecto da diversidade son garantías da paz.
3. Quedan excluídas todas as formas de dominación e de exclusión de parte dunha persoa sobre outra, dun grupo sobre outro, dunha minoría sobre unha maioría, dunha maioría sobre unha minoría, dunha nación sobre outra.
4. Todos os seres humanos teñen o dereito de vivir nun mundo sen guerra e sen conflito armado, sen ocupación estranxeira nin base militar. Ninguén ten dereito sobre a vida ou morte das persoas ou dos pobos.
5. Ningún costume, tradición, ideoloxía, relixión, sistema económico nin político xustifican violencias.
6. Os conflitos armados ou non, entre os países, comunidades ou pobos son resolvidos pola negociación que permite encontrar solucións pacíficas, xustas e equitativas a nivel nacional, rexional e internacional.